

Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 21, do 26.7.1982.

Emendas, BOPG núm. 35, do 16.10.1982.

Debate de totalidade, DSPG núm. 16, do 21.10.1982.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 54, do 29.12.1982.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 67, do 17.2.1983.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 67, do 17.2.1983.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 28, do 22.2.1983.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 70, do 25.2.1983.

Diario Oficial de Galicia núm. 23, do 21.3.1983.

Boletín Oficial del Estado núm. 212, do 5.9.1983.

Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente

Pola Lei 11/1988 foron modificados os artigos 1, 4 (nos seus apartados 10, 14, 15, 16 e 18), 6, 7, 12, 24, 26.1 e 27, e engadido un apartado 7 no artigo 11. Tamén foi modificado o título IV na súa rúbrica, e dentro deste os artigos 36, 37, 38, 39, 40, 41, 42, 43, 44, 45, 46 e 47. Pola mesma lei foi modificada a rúbrica da sección 3.^a do capítulo I do título V, e dentro dela o artigo 48. Así mesmo creouse a sección 4.^a do capítulo I do título V (artigos 49, 50, 51 e 52), e tamén se modificou o capítulo II do título V, que comprende os artigos 53, 54, 55, 56 e 57.

Pola Lei 11/1988 engadíronselle a esta lei as disposicións transitorias primeira, segunda e terceira.

Pola Lei 12/1989 foi derogada a disposición transitoria terceira, que fora engadida polo artigo 12 da Lei 11/1988.

Pola Lei 7/2002, foi modificado o punto 7 do artigo 34.

Pola Lei 2/2007, foron modificados o título da lei e o artigo 4.13 e foron engadidos un parágrafo cuarto no artigo 2, un número 19 ao artigo 4 e a disposición transitoria cuarta.

Pola Lei 12/2007, foi modificado o parágrafo segundo do punto 7 do artigo 11.

Pola Lei 10/2015, foi modificado o artigo 48.

O Estatuto de Autonomía, nos seus artigos 15 e 16, prevé que o Parlamento de Galicia determine, mediante Lei a regulación do estatuto persoal, atribucións e responsabilidades do Presidente e da Xunta de Galicia.

Recolle este mandato o espírito de que a regulación destas institucións básicas teña a prioridade debida e constitúa, en consecuencia, un dos pasos lexislativos inmediatos na construción da Autonomía galega.

O disposto no artigo 9 do Estatuto ó atribuíu-lo exercicio dos poderes da Comunidade Autónoma ó Parlamento, á Xunta e ó seu Presidente, quizais aconselle unha Lei do Parlamento que, estimada agora fóra do contexto desta norma de desenrolo dos artigos 15

e 16 do Estatuto, regule con precisión as relacións da Cámara co Goberno e acade a debida complitude institucional da Autonomía de Galicia.

Limítase, en consecuencia, esta lei á regulación da organización e establecemento de normas xerais relativas ós órganos executivos superiores de Galicia, cun senso básico, sen prexuício de que unha Lei de Réxime Xurídico da Administración da Comunidade Autónoma Galega recolla en toda a súa integridade as necesarias normas de funcionamento.

Polo tanto, en cumprimento dos devanditos preceptos, o Parlamento de Galicia aprobou e eu promulgo, en nome de El-Rei, a Lei reguladora da Xunta e do seu Presidente.

Título I
Da Xunta

Capítulo I
Da natureza
e composición da Xunta

Artigo 1

A Xunta é o órgano colexiado de goberno de Galicia. Dirixe a política e a Administración da Comunidade autónoma e exerce a función executiva e a potestade regulamentaria de acordo co Estatuto de Autonomía e as leis.⁽¹⁾

Artigo 2

A Xunta de Galicia está composta polo Presidente, Vicepresidente ou Vicepresidentes —no seu caso— e os Conselleiros.

No suposto de que haxa varios Vicepresidentes, un deles terá a condición de Vicepresidente primeiro coas facultades que esta Lei lle atribúe.

Todos eles constitúen conxunta e colexiadamente o Consello, que exercerá, conforme ó establecido nesta lei, as atribucións da Xunta, sen prexuício das competencias das Comisións Delegadas.

Artigo 3

A Xunta de Galicia responde politicamente ante o Parlamento

(1) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 1 foi modificado polo artigo primeiro da Lei 11/1988.

de forma solidaria, sen prexuício da responsabilidade directa de cada un dos seus componentes pola súa xestión.

Capítulo II
Das atribucións
da Xunta

Artigo 4

Corresponde á Xunta:

1.— Establece-las directrices e desenvolve-lo Programa de goberno.

2.— Elabora-los presupostos da Comunidade Autónoma, remítalos ó Parlamento para a súa aprobación.

3.— Aproba-los Proxectos de Lei para a súa remisión ó Parlamento e acordar, no seu caso, a súa retirada.

4.— Dictar Decretos Lexislativos nos supostos de delegación expresa do Parlamento.

5.— Outorgar ou denega-la súa conformidade á tramitación de proposicións de lei que supoñan aumento dos créditos ou mingua dos ingresos presupostarios, nos términos previstos no Regulamento do Parlamento.

6.— Aproba-los regulamentos para o desenrolo e execución das leis de Galicia así como os das leis do Estado, cando a competencia de execución corresponda á Comunidade Autónoma en virtude do Estatuto de Autonomía ou por delegación ou transferencia.

7.— Adoptar, no seu caso, as medidas regulamentarias que requirise a execución dos tratados e convenios internacionais e o cumprimento dos regulamentos e directrices derivadas daqueles, no que afecte a materias atribuídas á competencia da Comunidade Autónoma.

8.— Aprobar e remitir ó Parlamento os proxectos de convenios e acordos de cooperación con outras Comunidades Autónomas para a ratificación ou aprobación, no seu caso.

9.— Acorda-la interposición de recursos de inconstitucionalidade, así como o persoarse nas cuestións de inconstitucionalidade que afecten a Galicia e o plantexamento de conflitos de competencias ante o Tribunal Constitucional.

10.— Deliberar sobre a cuestión de confianza que o Presidente da Xunta propoña plantexar ó Parlamento.⁽²⁾

11.— Resolve-los recursos en vía administrativa nos casos previstos polas leis.

12.— Resolver mediante Decreto os conflitos de atribucións que se susciten entre as diversas Consellerías.

13.— Nomear e cesar, a proposta dos Conselleiros respectivos, ós altos cargos da Adminis-

(2) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 10 do artigo 4 foi modificado polo artigo segundo da Lei 11/1988.

tración pública galega de rango igual ou superior a Director Xeral, e a aqueloutros que legalmente se establezan.

14.— Crear e suprimi-las Comisións Delegadas da Xunta.⁽³⁾

15.— Aproba-la creación, modificación ou supresión de Vicepresidencias e das Consellerías dentro dos límites que unha Lei do Parlamento estableza, e determina-la súa estrutura orgánica superior.⁽⁴⁾

16.— Designa-los representantes da Comunidade Autónoma nos organismos económicos, institucións financeiras e empresas públicas do Estado a que se refire o artigo 55 do Estatuto de Autonomía.⁽⁵⁾

17.— Coordina-la actividade das Deputacións Provinciais, en canto afecte directamente ó interés xeral da Comunidade Autónoma, e acorda-las transferencias ou delegación de funcións nas mesmas. Do exercicio destas competencias darase conta ó Parlamento.

18.— Calquera outra atribución que lle veña conferida por algunha disposición legal ou regulamentaria e, en xeral, deliberar sobre aqueles asuntos nos que a súa

(3) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 14 do artigo 4 foi modificado polo artigo segundo da Lei 11/1988.

(4) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 15 do artigo 4 foi modificado polo artigo segundo da Lei 11/1988.

(5) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 16 do artigo 4 foi modificado polo artigo segundo da Lei 11/1988.

resolución deba revesti-la forma de Decreto ou que, pola súa importancia e repercusión na vida da Comunidade Autónoma, esixan o coñecemento ou deliberación da Xunta.⁽⁶⁾

Capítulo III

Do funcionamento da Xunta

Artigo 5

A Xunta reúne-se en Consello, que someterá o seu funcionamento ós principios de unidade, colexialidade, participación e coordinación.

Artigo 6

As atribucións da Xunta serán exercidas polo Consello. O Consello designará de entre os seus membros un Secretario que dará fe dos seus acordos e dos das Comisións Delegadas e librará, cando proceda, e co visto bo do Presidente certificación dos mesmos.⁽⁷⁾

Artigo 7

1. O Consello será convocado polo Presidente da Xunta. A convocatoria irá acompañada da orde do día que será formada polo Secretario, de acordo coas instrucións do Presidente.

(6) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 18 do artigo 4 foi modificado polo artigo segundo da Lei 11/1988.

(7) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 6 foi modificado polo artigo terceiro da Lei 11/1988.

2. O Consello entenderase validamente constituído cando asista o Presidente, ou quen o substitúa, e, ó menos, a metade dos seus membros.

Os acordos serán tomados por maioría dirimindo, en caso de empate, o voto do Presidente.

3. Os membros do Consello están obrigados a gardar secreto sobre as deliberacións daquel e das opinións e votos emitidos.

Os documentos e informes que se presenten ó Consello, ata que este os faga públicos, terán carácter reservado.⁽⁸⁾

Artigo 8

A Xunta poderá crear no seu seo Comisións Delegadas para coordinar-la elaboración de directrices e disposicións, programar-la política sectorial, examinar asuntos de interese interdepartamental e preparar-las reunións do Consello.

O réxime xeral de funcionamento das Comisións, haberá de axustarse ós criterios establecidos nesta lei para o Consello.

En todo caso, o Decreto de creación dunha Comisión Delegada deberá conter-la composición e a Presidencia da mesma e mailas competencias asignadas.

Artigo 9

O Consello establecerá as normas internas que se precisen para

(8) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 7 foi modificado polo artigo cuarto da Lei 11/1988.

a boa orde dos traballos e para a adecuada preparación dos acordos que haxan de adoptarse, mediante un Regulamento de Réxime Interior que haberá de axustarse ós termos da presente lei.

Título II

Do Presidente da Xunta

Capítulo I

Do Estatuto Persoal, elección e cese

Sección 1.^a

Do Estatuto Persoal

Artigo 10

O Presidente da Xunta ostenta a suprema representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia. Dirixe e coordina a acción da Xunta ou Goberno.

Artigo 11

O Presidente da Xunta en razón do seu cargo ten dereito a:

1.— A preeminencia que, con arrego á alta representación da Comunidade Autónoma e á ordinaria do Estado en Galicia, lle corresponde.

2.— Que lle sexan rendidos os honores que lle correspondan consoante co que se establece na legalidade vixente e o que acorde a Comunidade Autónoma.

3.— Recibi-lo tratamento de Excelencia.

4.— Utiliza-la bandeira de Galicia como guión.

5.— Ocupa-la residencia oficial que se estableza, coa correspondente dotación de persoal e servicios.

6.— Percibi-la remuneración e gastos de representación que se establezan polo Parlamento de Galicia e figuren nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.⁽⁹⁾

Artigo 12

O Presidente da Xunta non poderá exercer máis funcións representativas cás propias do mandato parlamentario, nin calquera outra función pública que non derive do seu cargo, nin actividade mercantil ou profesional ou outras que menoscaben a independencia e dignidade da súa función.⁽¹⁰⁾

Artigo 13

A responsabilidade política do Presidente da Xunta ante o Parlamento será esixible nos termos establecidos no Estatuto de Autonomía, no Regulamento da Cámara e na presente lei.

(9) Polo artigo quinto da Lei 11/1988 foille engadido un apartado 7 ó artigo 11.

(10) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 12 foi modificado polo artigo sexto da Lei 11/1988.

Artigo 14

Durante o seu mandato e polos actos delictivos cometidos no territorio de Galicia non poderá ser detido nin retido senón no caso de flagrante delito, correspondendo decidir, en todo caso, sobre a súa inculpación, prisión, procesamento e xuicio, ó Tribunal Superior de Xusticia de Galicia. Fóra do devandito territorio, a responsabilidade penal será esixible nos mesmos términos perante a Sala do Penal do Tribunal Supremo.

Sección 2.^a

Da elección e cese

Artigo 15

O Presidente da Xunta será elixido polo Parlamento Galego de entre os seus membros.

Artigo 16

Constituído o Parlamento e nos demais supostos en que así proceda, o seu Presidente, previa consulta coas forzas políticas representadas parlamentariamente e oída a Mesa, propoñerá un candidato á Presidencia da Xunta, conforme ó previsto no artigo 136.1.º do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Artigo 17

O candidato presentará o seu Programa ó Parlamento. Para ser elixido o candidato deberá en primeira votación obter maioría absoluta; de non obtela procederase a unha nova votación 24 horas

despois da anterior, e a confianza entenderase outorgada se obtivera maioría simple. Caso de non conseguí-la devandita maioría, tramitaranse sucesivas propostas na forma prevista anteriormente.

Se transcorresen dous meses a partir da primeira votación de investidura sen que ningún candidato proposto obtivera a confianza do Parlamento, este quedará disolto e procederase á convocatoria de novas eleccións.

Artigo 18

Se o Parlamento outorga a súa confianza ó candidato, o Presidente comunicarao a El-Rei para o seu nomeamento, mediante Real Decreto que se publicará no *Boletín Oficial do Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 19

O Presidente elixido tomará posesión do seu cargo dentro dos cinco días seguintes ó da publicación do seu nomeamento.

Artigo 20

O Presidente prestará xuramento na súa toma de posesión coa seguinte fórmula:

«Xuro ou prometo ser fiel ó meu mandato como Presidente da Xunta, observar e facer cumpri-la Constitución e o Estatuto de Autonomía e as demais leis de Galicia e do Estado e exercita-las miñas funcións no interés supre-

mo e exclusivo de Galicia e de España.»

Artigo 21

O Presidente da Xunta cesa trala celebración de eleccións autonómicas, nos casos de perda da confianza parlamentaria, ou por dimisión, falecemento ou incapacidade para o exercicio do cargo. Corresponde ó Parlamento a apreciación da incapacidade do Presidente.

Artigo 22

Nos supostos de falecemento e incapacidade do Presidente, será substituído polos Vicepresidentes se os houber, pola súa orde, e no seu defecto polo Conselleiro que máis tempo leve pertencendo ininterrompidamente á Xunta e, no caso de igualdade, o de máis idade. A mesma orde de substitución observarase nos casos de ausencia ou enfermidade temporal do Presidente da Xunta, agás designación expresa do mesmo.

A substitución terá que publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 23

Nos demais casos previstos no artigo 20⁽¹¹⁾, o Presidente continuará o exercicio das súas funcións ata a toma de posesión do novo Presidente da Xunta.

(11) A remisión enténdese feita ó artigo 21.

Capítulo II

Das atribucións

Artigo 24

Ó Presidente da Xunta como supremo representante da Comunidade Autónoma compételle representar a esta nas relacións con outras institucións do Estado, suscribi-las convenios e acordos de cooperación con outras comunidades autónomas, convocar eleccións ó Parlamento de Galicia trala súa disolución transcorrido o período de cada Lexislatura, promulgar, en nome de El-Rei, as leis de Galicia, así coma, no seu caso, os Decretos lexislativos e ordena-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.⁽¹²⁾

Artigo 25

Como representante ordinario do Estado en Galicia, corresponde ó Presidente da Xunta manter relacións coa Delegación do Goberno, ós efectos dunha mellor coordinación das actividades do Estado en Galicia e as da Comunidade Autónoma, ordena-la publicación no *Diario Oficial de Galicia* do nomeamento do Presidente do Tribunal Superior de Xusticia, e das Leis e Decretos Lexislativos de Galicia no *Boletín Oficial do Estado*.

Artigo 26

Para a dirección e coordinación das actividades da Xunta correspóndelle:

(12) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 24 foi modificado polo artigo sétimo da Lei 11/1988.

1.— Nomear e cesar ó Vicepresidente ou Vicepresidentes se os houber e ós Conselleiros.⁽¹³⁾

2.— Convocar, presidir, suspender e levanta-las reunións do Consello e das Comisións Delegadas, así como dirixi-las súas deliberacións.

3.— Dirixir e coordina-la acción de Goberno e asegura-la súa continuidade.

4.— Velar polo cumprimento das directrices sinaladas pola Xunta e promover e coordina-la execución dos acordos do Consello e das súas Comisións Delegadas.

5.— Asegura-la coordinación entre as distintas Consellerías.

6.— Coordina-lo programa legislativo da Xunta e a elaboración de normas de carácter xeral.

7.— Encomendar a un Vicepresidente ou a un Conselleiro que se encargue do despacho dunha Consellería ou da propia Presidencia, en caso de ausencia, enfermidade ou impedimento do titular.

8.— Plantexar perante o Parlamento, previa deliberación do Consello, a cuestión de confianza.

9.— Presentar ó Parlamento os proxectos de lei, por si mesmo ou a través do membro da Xunta designado.

10.— Facilitar ó Parlamento a información e documentación que este recabe da Xunta.

11.— Solicitar que o Parlamento se reúna en sesión extraordinaria.

12.— Solicitar que se celebre un debate xeral no Parlamento.

13.— Comunicar ó Parlamento a interposición de recursos de inconstitucionalidade e o planteamento de conflitos de competencias perante o Tribunal Constitucional, así como o acordo da Xunta de persoarse nos recursos e nas cuestións de inconstitucionalidade que afecten a Galicia.

14.— Exercer cantas facultades e atribucións lle correspondan en consonancia coas disposicións vixentes.

Título III

Dos membros da Xunta

Capítulo I

Do Estatuto Persoal, nomeamento e cese

Artigo 27

O Vicepresidente ou Vicepresidentes, se os houber, e mailos Conselleiros terán a alta consideración que corresponde á súa condición de membros do Goberno Autónomo e o tratamento de Excmo. Señor.

(13) Reprodúcese a versión orixinaria. O apartado 1 do artigo 26 foi modificado polo artigo oitavo da Lei 11/1988.

Serán nomeados e cesados polo Presidente da Xunta.⁽¹⁴⁾

Artigo 28

O Vicepresidente ou Vicepresidentes, se os houber, e mailos Conselleiros prestarán xuramento na súa toma de posesión coa mesma fórmula prevista nesta lei para o Presidente da Xunta.

Artigo 29

O cese do Presidente da Xunta comporta o de tódolos membros da mesma. A Xunta cesante continuará en funcións ata a toma de posesión da nova Xunta.

Artigo 30

Os membros da Xunta percibirán a remuneración e gastos de representación que se establezan polo Parlamento de Galicia e figuren nos Presupostos Xerais da Comunidade Autónoma.

Artigo 31

O Vicepresidente ou Vicepresidentes, se os houber, e mailos Conselleiros, non poderán exercer outras funcións representativas cás propias do mandato parlamentario ou, no seu caso, do Senado, nin calquera outra función pública que non derive do seu cargo, nin actividade mercantil ou profesional ou outra que menoscabe a independencia e dignidade da súa función.

(14) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 27 foi modificado polo artigo noveno da Lei 11/1988.

Artigo 32

En canto á inmunidade, estarase ó disposto no artigo 13⁽¹⁵⁾ para o Presidente.

Capítulo II

Das atribucións

Artigo 33

O Vicepresidente, ou no seu caso, o Vicepresidente primeiro, amais de substituír ó Presidente nos supostos previstos nesta Lei, exercerá as funcións que aquel lles delegue dentro do ámbito que lle confiran as disposicións da presente Lei.

Asimesmo, poderán designarse no seo da Xunta outros Vicepresidentes encargados de áreas homoxéneas coas funcións que lles sexan asignadas.

Artigo 34

Os Conselleiros como xefes das súas Consellerías están investidos das seguintes atribucións:

1.— Ostenta-la representación do Departamento de que son titulares.

2.— Propoñer ó Consello os nomeamentos e ceses dos cargos da súa Consellería que requiran a forma de decreto para a súa designación.

(15) A remisión enténdese feita ó artigo 14.

3.— Exerce-la iniciativa, dirección e inspección de tódolos servizos da Consellería e a alta inspección e demais funcións que lles corresponden respecto dos organismos autónomos adscritos á mesma.

4.— Propoñer para a súa aprobación polo Consello a estruturação e organización da súa Consellería.

5.— Propoñer ó Consello os proxectos de lei ou de Decreto relativos ás competencias atribuídas á súa Consellería.

6.— Exerce-la potestade regulamentaria nas materias da súa Consellería.

7.— Resolve-los recursos administrativos promovidos contra as resolucións dos organismos e autoridades da Consellería, agás cando por Lei a devandita facultade se atribúa a outro órgano.

8.— Formula-lo anteproxecto de presupostos da súa Consellería.

9.— Dispoñe-los gastos propios dos servizos da súa Consellería non reservados á competencia do Consello, dentro dos límites da autorización presupostaria e interesar dos servizos financeiros competentes a ordenación dos pagos correspondentes.

10.— Firmar en nome da Xunta os contratos relativos a asuntos propios da súa Consellería.

11.— Resolve-los conflitos de atribucións entre autoridades dependentes da súa Consellería.

12.— E cantas facultades lles atribúan as disposicións en vigor.

Artigo 35

Os membros da Xunta poderán designar e cesar libremente o persoal colaborador e de asistencia directa dentro dos créditos presupostarios consignados ó efecto. Este persoal, de carácter eventual, cesará automaticamente ó se produci-lo cese do membro da Xunta que efectuou o seu nomeamento.

Título IV

Réxime xurídico ⁽¹⁶⁾

Artigo 36

1. As normas regulamentarias aprobadas polo Consello, e as súas Resolucións cando así o esixa unha disposición legal adoptarán a forma de Decreto. Serán firmadas polo Presidente da Xunta e refrendadas polo Conselleiro competente por razón da materia.

2. As disposicións e resolucións dos Conselleiros revestirán a forma de Ordes que irán firmadas polo titular. Cando interesen a máis dun Departamento, serán firmadas conxuntamente polos Conselleiros afectados.⁽¹⁷⁾

(16) Reprodúcese a versión orixinaria. A rúbrica do título IV foi modificada polo artigo décimo da Lei 11/1988.

(17) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 36 foi modificado polo artigo décimo da Lei 11/1988.

Artigo 37

As normas regulamentarias terán o rango do órgano que as aprobara e ordenaranse xerarquicamente da seguinte forma:

1.— Decretos acordados polo Consello.

2.— Ordes das Comisións Delegadas.

3.— Ordes dictadas polos Conselleiros.⁽¹⁸⁾

Artigo 38

Serán nulas de pleno dereito as normas regulamentarias que infrinxan outras de rango superior ou se opoñan ó establecido pola lei.⁽¹⁹⁾

Artigo 39

1. As disposicións regulamentarias non poderán establecer penas nin impoñer tributos ou exaccións de calquera natureza. Tampouco poderán impoñer sancións a non ser no marco do disposto na Lei.

2. Serán nulas as disposicións e resolucións que infrinxan o disposto no apartado anterior.⁽²⁰⁾

(18) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 37 foi modificado polo artigo décimo da Lei 11/1988.

(19) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 38 foi modificado polo artigo décimo da Lei 11/1988.

(20) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 39 foi modificado polo artigo décimo da Lei 11/1988.

Artigo 40

As resolucións administrativas de carácter particular non poderán vulneralo establecido nunha disposición de carácter xeral ou dispensar singularmente do seu cumprimento, aínda cando aquelas teñan un rango formal igual ou superior a esta.⁽²¹⁾

Artigo 41

1. O Consello poderá delegar as funcións administrativas que teña encomendadas nas Comisións Delegadas.

2. Sen prexuício das competencias delegadas no Vicepresidente primeiro de acordo co disposto no artigo 32⁽²²⁾ desta lei, o Presidente poderá delegar funcións puramente executivas nos demais membros da Xunta, dando conta ó Parlamento.

3. Os Conselleiros poderán delegar competencias administrativas nos órganos inmediatamente inferiores das súas Consellerías, cando as necesidades de funcionamento así o aconsellen.⁽²³⁾

Artigo 42

1. A delegación de atribucións a que se refire o artigo anterior e a

(21) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 40 foi modificado polo artigo décimo da Lei 11/1988.

(22) A remisión enténdese feita ó artigo 33.

(23) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 41 foi modificado polo artigo décimo da Lei 11/1988.

súa revocación haberán de publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

2. Non poderán ser obxecto de delegación, a non ser que unha lei o autorice expresamente, as competencias que, á súa vez, foran delegadas, nin a competencia para resolver recursos administrativos interpostos contra actos ou resolucións do órgano delegatario.

3. Os actos dictados por delegación consideraranse como propios do órgano delegante, que en calquera momento poderá revocala delegación outorgada.⁽²⁴⁾

Título V

Das relacións da Xunta co Parlamento

Capítulo I

Do control parlamentario

Sección 1.^a

Da moción de censura

Artigo 43

1. O Parlamento pode esixir a responsabilidade política da Xunta e do seu Presidente mediante a adopción por maioría absoluta da moción de censura.

(24) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 42 foi modificado polo artigo décimo da Lei 11/1988.

2. A moción de censura deberá estar firmada, alomenos, por unha quinta parte dos membros do Parlamento, e haberá de incluír un candidato á Presidencia da Xunta.

3. A moción de censura non poderá ser votada ata que transcorran cinco días desde a súa presentación. Nos dous primeiros días do devandito prazo poderán presentarse mocións alternativas.

4. Se a moción de censura non fose aprobada polo Parlamento, os seus signatarios non poderán presentar outra durante o mesmo período de sesións.⁽²⁵⁾

Artigo 44

Se prosperase a moción de censura, a Xunta e o seu Presidente cesarán e o candidato incluído nela entenderase investido da confianza do Parlamento, procedéndose a continuación á súa designación como Presidente da Xunta, segundo o disposto no artigo 17 desta lei.⁽²⁶⁾

Sección 2.^a

Da cuestión de confianza

Artigo 45

O Presidente da Xunta, previa deliberación do Consello, pode

(25) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 43 foi modificado polo artigo décimo da Lei 11/1988.

(26) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 44 foi modificado polo artigo décimo da Lei 11/1988.

plantexar perante o Parlamento a cuestión de confianza sobre o seu Programa ou sobre unha declaración política xeral. A cuestión de confianza non se poderá votar ata transcorridas 24 horas desde a súa presentación. A confianza entenderase outorgada cando vote a prol da mesma a maioría simple de Deputados.

Se o Parlamento negase a súa confianza ó Presidente da Xunta entenderase cesado e procederase á elección de novo Presidente conforme ó establecido nesta Lei.⁽²⁷⁾

Sección 3.^a

Doutras formas de control ⁽²⁸⁾

Artigo 46

O Parlamento, as súas Comisións e os Deputados a través da Presidencia do mesmo, poderán recabar a información e axuda que precisen da Xunta, dos seus Conselleiros e de calquera outra autoridade da Comunidade Autónoma.⁽²⁹⁾

Artigo 47

O Parlamento mailas súas Comisións poden reclama-la presenza dos Conselleiros e dos

(27) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 45 foi modificado polo artigo undécimo da Lei 11/1988.

(28) Reprodúcese a versión orixinaria. A rúbrica da sección 3.^a do capítulo I do título V foi modificada polo artigo undécimo da Lei 11/1988.

(29) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 46 foi modificado polo artigo undécimo da Lei 11/1988.

outros altos cargos da Comunidade Autónoma.⁽³⁰⁾

Artigo 48

Os Conselleiros teñen acceso ás sesións do Parlamento e das súas Comisións e a facultade de se facer oír nelas. Ante as Comisións poderán facerse acompañar de altos cargos ou funcionarios das súas Consellerías e solicitar que estes informen.⁽³¹⁾

⁽³²⁾

Artigo 49

1. A Xunta e cada un dos seus membros están sometidos ás mocións, interpelacións e preguntas que se lles formulen no Parlamento.

2. Toda interpelación poderá dar lugar a unha moción na que o Parlamento manifeste a súa posición.⁽³³⁾

Capítulo II

Delegación legislativa ⁽³⁴⁾

Artigo 50

1. O Parlamento poderá delegar na Xunta a potestade de dictar nor-

(30) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 47 foi modificado polo artigo undécimo da Lei 11/1988.

(31) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 48 foi modificado polo artigo undécimo da Lei 11/1988.

(32) Polo artigo undécimo da Lei 11/1988 foille engadida unha sección 4.^a ó capítulo I do título V.

(33) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 49 foi modificado polo artigo undécimo da Lei 11/1988.

(34) Reprodúcese a versión orixinaria. O capítulo II do título V foi modificado polo artigo undécimo da Lei 11/1988.

mas con rango de lei que recibirán o título de Decretos legislativos.

2. A delegación legislativa deberá outorgarse mediante unha lei de bases cando o seu obxecto sexa a formación de textos articulados ou por unha lei ordinaria cando se trate de refundir varios textos legais nun só.

3. Non poderán ser obxecto de delegación a regulación do réxime electoral da Comunidade Autónoma, a aprobación do presuposto, as leis institucionais ou de desenvolvemento básico do Estatuto e as que, pola súa natureza, requiran maioría cualificada para a súa aprobación.⁽³⁵⁾

Artigo 51

A delegación legislativa haberá de outorgarse á Xunta en forma expresa para materia concreta e con fixación do prazo para o seu exercicio sen que se poida entender concedida de forma implícita nin por tempo indeterminado. Tampouco poderá permitirla subdelegación en prol de autoridades distintas da propia Xunta.⁽³⁶⁾

Artigo 52

1. As leis de bases delimitarán con precisión o obxecto e alcance da delegación legislativa e os prin-

cipios e criterios que se han de seguir no seu exercicio. En ningún caso poderán autorizar á Xunta para modificar a propia lei de bases nin para dictar normas con carácter retroactivo.

2. As leis ordinarias de autorización para refundir textos legais, determinarán o ámbito normativo a que se refire o contido da delegación, especificando se se circunscribe á mera formulación dun texto único ou se se inclúe a de regularizar, clarear e harmonizar os textos legais que han de ser refundidos.⁽³⁷⁾

Artigo 53

O control sobre os Decretos Legislativos levarase a cabo nos termos previstos no Regulamento do Parlamento de Galicia, sen prexuício do cal as leis de delegación poderán establecer en cada caso fórmulas adicionais de control parlamentario.⁽³⁸⁾

Artigo 54

1. Cando unha proposición de lei ou unha enmenda sexa contraria a unha delegación legislativa en vigor, a Xunta está facultada para se opoñer á súa tramitación. Neste caso poderá presentar unha proposición de lei para a derogación parcial ou total da lei de delegación.

(35) Reprodúcese a versión orixinal. O artigo 50 foi modificado polo artigo undécimo da Lei 11/1988.

(36) Reprodúcese a versión orixinal. O artigo 51 foi modificado polo artigo undécimo da Lei 11/1988.

(37) Reprodúcese a versión orixinal. O artigo 52 foi modificado polo artigo undécimo da Lei 11/1988.

(38) Reprodúcese a versión orixinal. O artigo 53 foi modificado polo artigo undécimo da Lei 11/1988.

2. A delegación entenderase esgotada coa publicación pola Xunta da norma correspondente.⁽³⁹⁾
(40) (41)

Disposición derradeira primeira

Facúltase á Xunta para dictalos seus propios Regulamentos internos conforme ó establecido nesta lei.

Disposición derradeira segunda

A presente lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 1983

Gerardo Fernández Albor
Presidente

(39) Reprodúcese a versión orixinaria. O artigo 54 foi modificado polo artigo undécimo da Lei 11/1988.

(40) Polo artigo undécimo da Lei 11/1988 fóronlle engadidos a esta lei os artigos 55, 56 e 57.

(41) Polo artigo duodécimo da Lei 11/1988 fóronlle engadidas a esta lei as disposicións transitorias primeira, segunda e terceira. Así mesmo polo artigo único da Lei 12/1989 foi derogada a disposición transitoria terceira.

